

Programación decembro 2011

Clausúrase o exercicio con dúas exposicións e un obradoiro didáctico



**Museo
do Pobo
Galego**



A Muralla / The Wall

Con motivo do X aniversario da declaración da muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade, a Área de Cultura da Deputación de Lugo e o Museo Provincial promoveron en 2010 a exposición itinerante *The Wall / A Muralla*, con fotografías de Peter Schneider, que reflicte este legado monumental romano que se insire no urbanismo da cidade e constitúe un eixo lúdico e social da comunidade.

© Peter Schneider

A mostra presenta esas calidades que, ao longo de mil oitocentos anos, foron engalanando a muralla, visible e accesible, pero tamén descoñecida, delimitadora dun espazo urbano e tamén integradora como un cordón que cingue o casco monumental co máis contemporáneo.

Peter Schneider (Frankfurt, Alemaña) coñeceu Galicia como turista en 1983 e pronto se trasladou a Malpica, para fixar logo a súa residencia en Lugo. Desde 1988 dedícase á fotografía, como freelance de publicidade para editoriais, industria e público en xeral.

Ata 11 de
decembro



Fundación Antonio Fraguas Fraguas

VII Proxecto didáctico Antonio Fraguas

O Museo acolle a mostra dos resultados dunha nova edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, correspondentes aos centros seleccionados na 7ª edición que traballaron durante o curso 2010-2011. A exposición, coordinada polo DEAC, presenta os traballos "A imaxinación no peto" do CEIP Gándara-Sofán e "A evolución da agricultura e a súa incidencia no Patrimonio Inmaterial" do CPI Viaño Pequeno de Trazo.

Ata 24 de
decembro



Departamento de Educación e Acción cultural

Obradoiro de Arqueoloxía: escavación e laboratorio

Obradoiro didáctico dirixido por Xosé Valtierra. Para estudantes universitarios e adultos. Hai limitación de prazas, polo que as persoas interesadas en participar deberán poñerse en contacto co DEAC no tel. 981 583620.

Mérc. 14
18h00

Antonio Román (Ourense, 1911-Madrid, 1989)

En novembro cumpríuse o centenario do nacemento do director de cine Antonio Román, realizador da primeira película galega de carácter etnográfico, *O Carro e o Home*, con guión de Xaquín Lorenzo.



O filme vai trazando un paralelismo entre o desenvolvemento da vida do carro e a do ser humano nunha aldea galega ao redor de 1940. A videoteca do Museo dispón das dúas copias do documental, a cinta orixinal realizada durante o franquismo e montada coa axuda de Carlos Serrano de Osma, e a versión restaurada polo MPG con locución do propio Xaquín Lorenzo.